

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Formación e Orientación Persoal e Profesional	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de actividades, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Con esta materia preténdese que o alumnado se coñeza a si mesmo e sexa consciente da contorna sociocultural en que se atopa, de modo que facilite a súa aprendizaxe ao longo da vida e o seu desempeño académico e profesional.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e a súa contorna.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CPI situado en Baralla, na comarca dos Ancares. Como sucede noutras zonas rurais, a maioría do alumnado é usuario do transporte e do comedor escolar. O transporte inflúe, así o cremos, notablemente no rendemento do alumnado xa que o horario marcado pola administración para compaxinalos transportes en dous ou tres centros distintos responde a criterios económicos e non educativos. As estradas están en proceso de mellora, sendo o principal inconveniente comunicativo a climatoloxía e a orografía montañosa, que se acusa especialmente durante o inverno. Así, cando neva copiosamente, o desprazamento faise difícil e moi puntualmente pode ocasionar a necesidade de suspender as clases nesas datas.

En canto á situación económico-social xeral das familias do alumnado, pódese considerar de tipo medio-baixo, dedicándose, unha boa parte, ó sector primario. O grao de atención ás necesidades primarias dos alumnos/as (vestimenta, alimentación, hixiene, material escolar...) é, na maioría dos casos, o aceptable.

Igualmente, o nivel de estudos é tamén medio - baixo, pero resulta conveniente diferenciar entre aquelas familias cuxos compoñentes teñen maior idade, que adoitan ter un nivel de estudos inferior, e as familias máis novas, cun maior nivel de escolarización (todos coa ensinanza básica cursada e, con certa frecuencia, con estudos medios).

As maiores expectativas educativas que teñen as familias para os seus fillos e as súas fillas aprécianse na moita maior frecuencia con que nas últimas décadas os/as alumnos/as continúan os seus estudos tras terminar a ensinanza obrigatoria. Ademais, advírtese un interese manifesto dos pais/nais na participación nos asuntos relacionados coa educación dos seus fillos e das súas fillas, asistindo en número importante ás reunións e actividades ás que son convocados.

As necesidades primarias do alumnado, na maioría dos casos, están totalmente cubertas polas familias. Nos casos excepcionais onde isto non se cumpre interveñen os servizos sociais.

As necesidades educativas que presenta o noso alumnado están cubertas polo persoal docente de atención á diversidade co que contamos no centro (Departamento de Orientación, figuras de PT e AL). Tamén contamos con programas destinados a cubrir estas necesidades.

Coa Cruz Vermella, Garda Civil, Xefatura de Tráfico e diversas O.N.G. realizaranse actividades para o tratamento dos temas transversais. Mantense unha relación estable co IES e o Centro de Capacitación de Alta Montaña de Becerreá e co persoal encargado do Programa “Espazo para as familias” na nosa zona. Recibimos nunha xornada de convivencia ao alumnado de Espazo para as Familias que se incorporará no seguinte curso ao noso Centro.

O grupo seleccionado de 4º ESO, está composto por 11 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 15 anos. Neste grupo, unha parte significativa repetiu algún curso e a maior parte ten pensado facer un ciclo de Formación Profesional ao rematar a ESO.

Todos estes aspectos serán tidos en conta na metodoloxía desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender os procesos físicos e psicolóxicos implicados na cognición, a motivación e a aprendizaxe, xunto coas principais características do desenvolvemento evolutivo da persoa estudadas polas ciencias sociais, analizando as súas implicacións na conduta, considerando os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa, para obter un bo coñecemento axeitado de si mesmos que lles permita construír o seu proxecto persoal de vida.		3	1		1-3-4-5	1-2		
OBX2 - Analizar e describir aqueles elementos da madurez que condicionan os comportamentos, identificando as calidades persoais e de relación social propias e dos demais, desenvolvendo estratexias de xestión emocional e do propio proceso de aprendizaxe, e estratexias e habilidades sociais adecuadas a contextos cambiantes e a grupos diferentes, para mellorar o desempeño no ámbito persoal, social e académico e lograr maior control sobre as accións e as súas consecuencias, e para potenciar, así, aquelas calidades persoais no alumnado que favorecen a autonomía e permiten afrontar de forma eficaz os novos retos aos que se van enfrontar na súa entrada á idade madura.		3			1-3-4-5	1	2	
OBX3 - Explorar as oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna, descubriendo e priorizando as necesidades e intereses persoais e vocacionais e desenvolvendo o espírito de iniciativa e de superación, así como as destrezas necesarias na toma de decisións, para levar a cabo un proxecto persoal, académico e profesional propio e realizar unha primeira aproximación ao deseño dun plan de procura activa de emprego.	3			1-3	4-5		1-2-3	
OBX4 - Coñecer e comprender o ser humano, nas súas dimensións social e antropolóxica, e atender á variedade de sociedades e culturas, analizando con empatía a súa diversidade e complexidade desde diferentes perspectivas para comprenderse a un mesmo e interactuar cos demais desde o respecto á diversidade persoal, social e cultural, e fomentar o espírito crítico sobre aspectos que dirixen o funcionamento do ser humano nestes ámbitos.					3	1-2-3	2	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo laboral e a busca de emprego	Unidade enfocada á orientación profesional vinculada á exploración de contextos de traballo, que permita coñecer o funcionamento do mercado laboral e as distintas vías profesionais, así como o coñecemento das ferramentas de busca de emprego.	30	32	X		
2	A aprendizaxe e a formación individual	Nesta unidade analízase a importancia da formación e orientación persoal cara á vida adulta así como a posibilidade de coñecer a oferta formativa da contorna e optimizar a xestión dos itinerarios de aprendizaxe.	30	35		X	
3	A identidade persoal e a sociedade	Esta unidade aborda o coñecemento do ser humano desde a perspectiva das ciencias humanas e sociais relacionadas coa psicoloxía, a antropoloxía e a socioloxía.	40	38			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mundo laboral e a busca de emprego	32

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Identificar no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	PE	60
CA3.4 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais, reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Recoñecer calidades persoais e sociais propias e dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais.	TI	40
CA3.2 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece.		
CA3.5 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	Mellorar o desempeño persoal, social e académico.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos.		
CA3.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Analizar a diversidade persoal, social e cultural mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.		
CA3.8 - Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proxecto persoal: o autocoñecemento. - Plans de autocoñecemento e de formación académica e profesional. - O coñecemento persoal: habilidades, aptitudes, motivacións e intereses persoais. - Análise de fortalezas e debilidades propias. - A diversidade como elemento enriquecedor. - A intelixencia emocional. Autocoñecemento, autocontrol, automotivación, empatía e habilidades sociais. - O proceso de toma de decisións. Organización dunha conduta decisoria. - Roles grupais e comprensión dos roles nos que mellor encaixamos. - O proxecto persoal académico-profesional: as aspiracións profesionais.

Contidos

- Aspiracións e metas: definición do obxectivo que se quere conseguir.
- Identificación de intereses, capacidades, motivacións e aptitudes persoais para o proxecto profesional ao que aspiramos.
- Identificación dos itinerarios académicos e profesionais que se poden seguir.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e test psicométricos.
- A toma de decisión na orientación académica e profesional.
- Avaliación das alternativas e da decisión tomada.
- Aproximación a un plan de busca activa de emprego con proxección cara ao futuro.
- Análise dos intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.
- Identificación de itinerarios formativos relacionados.
- Definición e análise do sector profesional.
- Fontes de información.
- Estratexias, instrumentos e proceso da busca de emprego en empresas do sector.
- Fontes de procura de emprego. Información xeral para a busca activa de emprego e de alternativas.
- A oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata.
- Información sobre a elaboración e presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido.
- A entrevista de traballo.
- Os distintos tipos de emprego.
- Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
- O traballo na Administración pública.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

UD	Título da UD	Duración
2	A aprendizaxe e a formación individual	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar e aplicar os procesos que interveñen na aprendizaxe, analizando as súas implicacións e desenvolvendo estratexias que favorezan a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes.	Identificar e aplicar os procesos que interveñen na aprendizaxe.	PE	60
CA2.1 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Identificar no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.		
CA2.2 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Recoñecer calidades persoais e sociais propias e dos demais.		
CA2.3 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	Mellorar o desempeño persoal, social e académico.	TI	40
CA2.4 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos.		
CA2.5 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais.		
CA2.6 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece.		
CA2.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Analizar a diversidade persoal, social e cultural mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.		
CA2.8 - Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- O proceso de aprendizaxe e formación desde as ciencias sociais.
- Aprendizaxe e procesos psicolóxicos involucrados: atención, motivación, memoria.
- Estratexias de aprendizaxe e estilos de aprendizaxe.
- A aprendizaxe desde a socioloxía: aprendizaxe formal institucionalizada, non formal e informal.
- A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo.
- Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción. Estilo atribucional. Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. Confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo. Estratexias para enfrontarse ao fracaso e á frustración.
- Habilidades sociais e habilidades de comunicación. Estratexias para superar as eivas de comunicación.
- Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Pegada e reputación dixital. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional.
- Habilidades de organización e xestión.
- Os equipos de traballo. O liderado como trazo da personalidade. O conflito: concepto, causas, tipos e resolución. A negociación.
- A formación académica.
- Programas, oportunidades e axudas para a formación. Servizos de orientación académica.
- Información sobre a estrutura do sistema educativo.
- Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar no bacharelato, na FP e nos estudos superiores.
- Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente.
- A formación profesional.
- Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades.
- A transición á vida activa.
- Valoración da importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional.
- Información xeral sobre sectores económicos e produtivos.
- Retos da revolución dixital.
- O emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento.
- Participación social activa.
- Colaboración e voluntariado.

UD	Título da UD	Duración
3	A identidade persoal e a sociedade	38

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Reflexionar de maneira crítica sobre a condición humana, a sociedade e a cultura, a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais.	Reflexionar de maneira crítica sobre a condición humana, a sociedade e a cultura.	PE	60
CA1.2 - Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa a partir do coñecemento comparado da dimensión social e antropolóxica do ser humano.	Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa.		
CA1.3 - Analizar a relación da cognición, a motivación, a aprendizaxe e a xestión emocional coa conduta, tanto propia como dos demais, a partir das bases teóricas fundamentais dos procesos físicos e psicolóxicos que interveñen neles.	Analizar a relación da cognición, a motivación, a aprendizaxe e a xestión emocional coa conduta, tanto propia como dos demais.		
CA1.6 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Identificar no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.		
CA1.5 - Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe e desenvolvendo estratexias que o melloren.	Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe.	TI	40
CA1.7 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos.		
CA1.8 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Analizar a diversidade persoal, social e cultural mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.		
CA1.9 - Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As ciencias sociais e o coñecemento que nos proporcionan do ser humano. A visión da psicoloxía, da antropoloxía e da socioloxía. - Presentación da psicoloxía. - Presentación da antropoloxía. - Presentación da socioloxía: a socioloxía como disciplina e a racionalidade da acción social. - As perspectivas das ciencias sociais sobre o debate entre o herdado e o aprendido. Bioloxía e cultura. - Os fundamentos psicobiolóxicos da conduta. - Neurociencia, xenética e endocrinoloxía.

Contidos

- A neurona, o impulso neuroeléctrico, a sinapse, as redes neurais.
- O sistema nervioso central. As principais estruturas do encéfalo. O sistema límbico.
- O sistema nervioso periférico.
- A compoñente emocional do noso psiquismo.
- Recoñecemento e control das emocións.
- A motivación.
- Benestar e hábitos saudables.
- Os circuítos de recompensa e os problemas de adiccións relacionados.
- Outros ámbitos do psiquismo: cognición, intelixencia, personalidade
- A cognición e os procesos asociados.
- Intelixencia cognitiva, intelixencia emocional, intelixencia executiva.
- A constitución da personalidade: influencias biolóxicas e da contorna. As teorías dos trazos.
- O desenvolvemento evolutivo do psiquismo.
- O desenvolvemento das capacidades cognitivas ao longo da vida.
- O desenvolvemento da personalidade.
- A adolescencia como momento evolutivo clave no desenvolvemento do noso psiquismo. As características da mente adolescente.
- A psicoloxía social.
- A necesidade individual de pertenza a grupos.
- A influencia do grupo.
- O desenvolvemento individual dentro do grupo.
- Antropoloxía. O ser humano como ser cultural.
- Concepto antropolóxico de cultura. O ser humano como construción cultural.
- Humanización e cultura.
- O papel da muller na humanización.
- Diversidade cultural (etnocentrismo, relativismo cultural e transculturalidade).
- Concepto de sociedade e o ser humano como ser social.
- Comunicación, linguaxe e simbolismo.
- Proceso de socialización e axentes de socialización: familia, grupos, institucións, asociacións e organizacións.
- O ser humano como Homo oeconomicus. Teorías críticas.

Contidos

- Vida en sociedade.
- Normas, roles, status e estereotipos: a cohesión social.
- Estratexias de inclusión e cohesión social: interacción social e discriminación.
- Igualdade de xénero.
- Condutas prosociais e antisociais.
- Adolescentes na sociedade.
- O adolescente e as súas relacións cos demais: a convivencia positiva.
- O grupo: importancia, valor e diversidade.
- A autonomía e a asunción progresiva de responsabilidades.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica nesta materia debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo tendo en conta a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe e promover a aprendizaxe en equipo facendo fincapé na relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade. Así mesmo, traballaranse os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula. A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo. Ademais fomentaranse a capacidade de autonomía do alumnado e a capacidade de aprender a aprender.

* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurar distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, as alumnas e os alumnos, han de ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os estudantes o precisen.

3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates favorecerá o interese pola mesma e axuda ao estudante no seu perfeccionamento persoal e social.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos, que serán utilizados como recursos de apoio.

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo. Ademais fomentaranse a capacidade de autonomía do alumnado e a capacidade de aprender a aprender.

* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTO PERSOAL

Entre as distintas actividades que conformarán o portfolio do alumnado, atoparanse:

- Preparación de entrevistas laborais entre os distintos grupos de alumnado. Simulacro e representación da entrevista. Debate grupal e coavaliación.

- Elaboración dun DAFO e deseño dun perfil persoal / profesional. Actividade na que traballarán con ferramentas para elaborar perfís profesionais, Curriculum Vitae, cartas de presentación,...

- Preparación de entrevistas aos distintos poñentes da actividade complementaria "Charla - coloquio de antigas/os alumnas/os". Actividade programada para interactuar con antigo alumnado do centro, na cal contarán as súas experiencias formativas e profesionais.

* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

a) Introducción á unidade didáctica.

b) Análise dos coñecementos previos dos alumnado.

c) Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades.

d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

* TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do estudante. Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, presentacións, avaliacións interactivas, kahoots...).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos educativos (tanto teóricos como exercicios e actividades) na súa maioría deseñadas polo docente
Dotación da aula (ordenador, proxector, encerado tradicional, pupitres...)
Aula virtual da materia
Caderno do alumno/a
Portfolio
Materiais audiovisuais
Actividades de iniciación, desenvolvemento, estruturación, aplicación, afondamento, consolidación, síntese, reforzo e específicas de avaliación

O espazo habitual no que se desenvolverán as sesións consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado tradicional, ordenador e proxector de aula, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán recursos didácticos (tanto teóricos como exercicios e actividades) recomendados polo departamento didáctico que serán publicados na aula virtual da materia, na súa maioría deseñadas polo docente así como tamén o caderno onde se desenvolverán todas as actividades, exercicios e tarefas propostas polo docente.

Na aula virtual a/o docente publicará tamén recursos didácticos para o alumnado que por razóns xustificadas non asista de forma prolongada ao centro.

No portfolio, o alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as actividades de comprensión lectora, os informes e as diferentes actividades propostas para o grupo e especificamente para cada estudante cando a/o docente o considere necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

É importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial e canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os coñecementos previos sobre a materia que ten o alumnado e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía que se vai utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Contorna: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIONS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Proba escrita	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

A avaliación desta materia variará en función da unidade didáctica que se estea a impartir. Así, a grandes rasgos distinguiremos:

A) Unidades didácticas nas que se realizará proba escrita / control.

Nestas unidades didácticas, ponderarase de igual forma o traballo diario na aula e as probas escritas / controis.

B) Unidades didácticas nas que non se realizará proba escrita / control.

A realización da proba escrita / control non será conveniente ou útil cando se traten determinados contidos ou se pretenda desenvolver no alumnado certas competencias. Daquela, nestas unidades didácticas, avaliarase o rendemento académico do alumnado valorando:

- a súa participación nos temas tratados na aula,
- a realización de traballos monográficos,
- as súas competencias no emprego das TIC,
- o traballo en equipo.

PROBA ESCRITA / CONTROL

Aclarado o feito de que a proba escrita / control é unha ferramenta de avaliación que procede facer nalgúns unidades didácticas pero non en todas, cómpre agora concretar como se vai levar a cabo durante o curso. Para empezar, durante a realización desta proba, o alumnado pode consultar calquera tipo de material didáctico, isto é, apuntes, libros de texto,... Isto responde a que non se esixe a aprendizaxe de memoria de contidos teóricos. Enténdese, xa que logo, a teoría impartida nesta materia como uns contidos necesarios para desenvolver certas competencias e entender determinados contidos.

No caso dunha proba escrita / control suspensa cunha nota inferior a 3 puntos, o alumnado deberá recuperala cunha proba escrita / control similar. De ser necesario, pódese baixar o nivel de esixencia desta proba escrita / control de recuperación puidendo chegar a avaliar unicamente os contidos mínimos esixibles da unidade didáctica. Neste caso, a avaliación de 0 a 10 puntos deixaría de ser preceptiva e se podería avaliar esta proba de recuperación cunha nota máxima menor aos 10 puntos, por exemplo, de 0 a 6 puntos, de 0 a 8 puntos, etc. Isto responde a que se baixa o nivel de esixencia tamén debe baixar a nota máxima da proba e ten o obxectivo de que aquel alumnado con dificultades para superar os 3 puntos nunha proba escrita / control ordinaria (valorada de 0 a 10 puntos) poida superar os 3 puntos nunha proba que estea máis adaptada ás súas capacidades, aptitudes e coñecementos. A adxudicación desta nota máxima de cualificación queda ao criterio do profesor que a asignará en función da dificultade da proba e dos criterios de avaliación empregados e os contidos que se vaian avaliar.

EXERCICIOS E ACTIVIDADES DE TRABALLO NA AULA

Así as cousas, a realización de exercicios e actividades de traballo na aula valerá o 50 % da nota desta materia. A nota da proba escrita / control suporá o 50% restante.

Así e todo, para que este procedemento de avaliación poida aplicarse, o alumnado deberá acadar un mínimo de 3 puntos sobre 10 tanto no traballo da aula como na proba escrita / control. Farase unha proba escrita / control de recuperación de cada un das probas escritas / controis nas que o alumnado tivese unha nota inferior a 3 puntos.

NOTAS ADICIONAIS

Tamén hai que deixar constancia de que se poderán plantexar exercicios ou actividades sinxelas que se avalíen con notas que se sumen ou resten directamente á nota final do trimestre. A avaliación destas de actividades non se fará, xa que logo, de 0 a 10 puntos senón que a súa nota consistirá nunhas décimas de punto que se poden sumar á nota final da avaliación no caso de que as actividades se resolvesen correctamente. Tamén cabe a posibilidade de que estas notas adicionais resten o valor da súa nota á nota final do trimestre se non se realizaron ou se levaron á practica de maneira moi deficiente.

COMPORTAMENTO E RESPONSABILIDADE

Dun xeito parecido ao anterior se procederá coas faltas de responsabilidade que teña o alumnado nesta materia. Neste aspecto, referímonos a non traer á aula o material necesario para realizar a actividade en curso. Tamén poden recibir esta valoración negativa comportamentos contrarios ao desenvolvemento da materia: interrupcións sen xustificar, faltas de atención,... Así cabe a posibilidade de puntuar negativamente estes comportamentos restando varias décimas de punto á nota final da avaliación. Con esta medida preténdese que o alumnado adquira responsabilidade sobre o seu traballo na aula xa que entendemos que debe ser o alumnado o máis interesado en ter todo a punto para o seu rendemento académico na aula. Esta medida pódese entender como un correctivo e tamén como un estímulo á motivación para que o alumnado facilite o desenvolvemento da clase traendo todo o que necesita na aula e evitando así interrupcións que afectan á marcha fluída da clase.

Descritos os instrumentos de avaliación anteriores, pasamos a deixar constancia da avaliación dos dous tipos de unidades didácticas citados (A e B).

A) Unidades didácticas nas que se realizará proba escrita / control.

Aquí, a nota da avaliación sería o resultado da seguinte fórmula:

Nota da avaliación = $[(PPdTA + CON) / 2] + A$

Na fórmula anterior:

"CON" é a nota da PROBA ESCRITA / CONTROL.

"A" son as NOTAS ADICIONAIS xa descritas.

"PPdTA" é o promedio ponderado do traballo na aula. Este valor calcularíase deste xeito:

- multiplícase a nota de cada exercicio polas sesións que levou realizalo.
- súmanse os produtos anteriores.

- a suma anterior dividiríase entre o total das sesións adicadas a facer exercicios na aula.

Así, o cálculo deste valor faríase aplicando a seguinte fórmula:

$$PPdTA = [(N1 \cdot S1) + (N2 \cdot S2) + (N3 \cdot S3) \dots] / Ts$$

Na fórmula de arriba:

"N1", "N2" e "N3": notas dos Exercicios 1, 2 e 3 respectivamente.

"S1", "S2" e "S3": sesións que levaron os Exercicios 1, 2 e 3 respectivamente.

"Ts": número total de sesións adicadas a facer exercicios en clase durante a unidade didáctica.

B) Unidades didácticas nas que non se realizará proba escrita / control.

Se na unidade didáctica que se está a avaliar non se fixo proba escrita / control, a nota da avaliación calcularíase aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{Nota da avaliación} = PPdTA + A$$

É dicir, a suma do "PPdTA" (promedio ponderado do traballo na aula) máis "A" (as NOTAS ADICIONAIS).

VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN ORAL DO ALUMNADO

Para avaliar este aspecto, ao alumnado asignaráselle unha NOTA DE PARTIDA por atender e seguir os contidos tratados na aula. O valor numérico desta nota pode variar en función da unidade didáctica e a súa asignación queda ao criterio do profesor.

Exemplo: na unidade didáctica X, todo o alumnado parte dunha nota de 7 puntos.

Así, o alumnado podería subir a súa NOTA DE PARTIDA ata os 10 puntos grazas á súa participación na aula. Deste xeito, o profesor establecerá un número mínimo de participacións na aula durante o tempo que leve impartir a unidade didáctica en cuestión. Deste xeito, a cada participación do alumnado na aula asignaráselle unha puntuación.

Continuando co exemplo anterior, na unidade didáctica X, todo o alumnado parte dunha nota de 7 puntos e para acadar os 3 puntos que lle faltan para os 10, o alumnado deberá participar 6 veces na aula. Deste xeito, cada participación na aula vale 0'5 puntos (3 puntos / 6 = 0,5 puntos). Así, no exemplo anterior, un alumno/a que participe 4 veces na aula obtería a seguinte cualificación:

$$7 \text{ puntos (pola atención prestada)} + (4 \times 0,5 \text{ puntos pola participación}) = 9 \text{ puntos}$$

Tamén cabe a posibilidade de penalizar o mal comportamento na aula (faltas de atención, interrupcións sen xustificar,...) con notas negativas cuxo valor numérico quedará ao criterio do profesor.

Para favorecer a regularidade na participación na aula e evitar que algunhas persoas monopolicen esta actividade, establecerase un máximo de dúas participacións puntuables por sesión de xeito que todas as intervencións orais que faga unha persoa a partir da súa segunda participación non se puntuarán.

REDONDEOS

No tocante aos redondeos, aplicarase o redondeo matemático para calcular a nota que ha de figurar no boletín. Seguirase este criterio para obter as cualificacións de cada avaliación e da cualificación de fin de curso.

COMO SE ELABORA A CUALIFICACIÓN DE FIN DE CURSO?

Esta nota elaborárase de xeito que faga converxer dous criterios:

- reflectir a aprendizaxe adquirida en cada avaliación.

- facer valer o principio da avaliación continua e dar máis importancia á aprendizaxe máis recente.

Para acadar esta converxencia optouse por elaborar a nota de fin de curso como un promedio das notas das tres avaliacións pero asignando a cada unha a seguinte porcentaxe:

- 1ª avaliación: 25%

- 2ª avaliación: 35%

- 3ª avaliación: 40%

Se o resultado da fórmula anterior é igual ou superior a 4'5 puntos considerárase a materia aprobada.

Se a nota dalgunha avaliación é inferior a 3 puntos non se poderá aplicar a fórmula anterior e nota de fin de curso non poderá chegar ao 5. Neste caso, é imprescindible recuperar a avaliación cuxa nota sexa inferior a 3 puntos para poder aplicar a fórmula citada.

Criterios de recuperación:

Neste apartado falarase da recuperación de probas escritas, exercicios e avaliacións e en todos os casos entenderase que unha vez recuperados, a nota destes elementos pasa a ser de 5 puntos.

En canto á realización de exercicios, para que estes teñan validez académica, serán realizados por parte do alumnado no centro escolar e en presenza do profesor nas horas de titoría do alumnado ou noutras que profesor e alumnado acordasen.

EXERCICIOS DE CLASE

Durante o curso, un exercicio suspenso hase de compensar con boas notas noutros exercicios de clase sempre e cando a nota do exercicio suspenso sexa maior de 3 puntos. De non ser así, o alumnado ha de realizar un exercicio similar ao que obtivo unha nota menor aos 3 puntos. Se aínda así o alumnado segue sen chegar aos citados 3 puntos pódese ofrecer a posibilidade de facer un exercicio no que se avalíen unicamente contidos mínimos esixibles. A

valoración deste exercicio pode variar dependendo dos contidos cuxa asimilación pretendemos avaliar, non sendo preceptiva a puntuación de 0 a 10 puntos. É dicir, podería avaliarse, por exemplo, de 0 a 3 puntos, de 0 a 5, de 0 a 6, etc. É dicir, se baixa o nivel de esixencia da actividade / exercicio, tamén debe baixar a nota máxima que poida obterse cuxo valor numérico será establecido polo docente.

PROBA ESCRITA / CONTROL

No caso dunha proba escrita / control suspena cunha nota inferior a 3 puntos, o alumnado deberá recuperala cunha proba escrita / control similar. De ser necesario, pódese baixar o nivel de esixencia desta proba escrita / control de recuperación avaliando unicamente contidos mínimos esixibles. Neste caso, a avaliación de 0 a 10 puntos deixaría de ser preceptiva e se podería avaliar esta proba de recuperación cunha nota máxima menor aos 10 puntos. A adxudicación desta nota máxima de cualificación queda ao criterio do profesor.

A preparación desta proba escrita / control de recuperación correspóndelle ao alumnado, que recibirá asesoramento e actividades de reforzo do profesor. As actividades citadas consisten en exercicios prácticos que preparará ao alumnado para a proba escrita / control de recuperación. Por outra banda, a realización destas actividades por parte do alumnado poderase ten en conta positivamente, ata un máximo de 2,5 puntos (que se sumarán á nota da proba escrita / control), sempre que o profesor teña constancia de que foron feitas polo alumnado. A tal fin, estas actividades serán realizadas no centro escolar e en presenza do profesor nas horas de titoría de alumnado ou noutras que profesor e alumnado acordasen. É importante tamén que se cumpran as instrucións dadas polo profesor en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) e que sexan entregados nas datas indicadas.

RECUPERACIÓN DUNHA AVALIACIÓN

Se a nota dunha avaliación é inferior a 3 puntos, esa avaliación deberá ser recuperada para poder aprobar o curso. Os procedementos para recuperala serán a realización de exercicios ou a superación dunha proba escrita / control. O profesor elixirá un ou outro procedemento tendo en conta a natureza dos contidos das unidades didácticas impartidas na avaliación que se quere recuperar. Descríbense ambos procedementos a continuación:

- Proba escrita / control.

Para preparar esta proba, o alumnado recibirá asesoramento e actividades de reforzo do profesor. Esta proba celebrarase nas horas de titoría de alumnado ou noutras que profesor e alumnado acordasen.

- Realización de exercicios.

Este procedemento consistirá na realización de exercicios prácticos para cuxa realización o alumnado teña que assimilar e adquirir os contidos mínimos esixibles correspondentes a esas unidades didácticas impartidas na avaliación que ha de recuperar.

ALUMNADO QUE NON CHEGUE AO APROBADO NA NOTA DE FIN DE CURSO

Todo o establecido no punto anterior (“recuperación dunha avaliación”) poderase aplicar no caso do alumnado cuxa nota de fin de curso non chegue a 4,5 puntos. Neste caso, daráselles a oportunidade de recuperar aquelas unidades didácticas cuxa nota sexa máis baixa a fin de que a súa nota de fin de curso poida chegar a 4,5 puntos como mínimo. Como no punto anterior, será o profesor quen escolla o procedemento de avaliación en función da natureza dos contidos das unidades didácticas que se han de recuperar.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

MEDIDAS DE ATENCIÓN E SEGUIMIENTO DO ALUMNADO REPETIDOR

Durante o curso farase un seguimento do alumnado repetidor a fin de detectar dificultades de aprendizaxe e de traballo e participación na aula. De ser ese o caso, nas unidades didácticas onde haxa estas dificultades, propóraselle ao alumnado repetidor actividades e exercicios máis sinxelos e básicos que os propostos ao grupo de referencia. Estas actividades serían exercicios para cuxa realización haxa que asimilar e adquirir os contidos mínimos da unidade

didáctica á que pertencen.

De non darse as dificultades anteriores, o alumnado repetidor seguirá o previsto para o grupo de referencia, tanto en contidos como en actividades e exercicios de aula.

Hai que considerar tamén a posibilidade de que este alumnado, dado que acaba de repetir curso, mostre certa vantaxe no seguimento da materia sobre o grupo de referencia. Se así fose, habería que valorar a conveniencia de que fíxese actividades e exercicios máis esixentes que as do grupo de referencia a fin de que non perda motivación no seguimento da materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores			X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla - coloquio de antigas/os alumnas/os	Actividade programada para interactuar con antigo alumnado do centro, na cal contarán as súas experiencias formativas e profesionais.		X	
Visita guiada a centros de Formación Profesional.	Actividade destinada a coñecer a oferta formativa da contorna.			X
Obradoiros informativos de distintos organismos educativos.	Actividade que pretende favorecer a orientación profesional.			X

Observacións:

Na planificación destas actividades contaremos co asesoramento do Departamento de Orientación que xa leva varios cursos organizando actividades similares.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados